




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Secretaría Xeral de Emprego  
Dirección Xeral de Orientación  
e Promoción Laboral



Fondo Social Europeo  
Iniciativa de Emprego Xuvenil  
O FSE inviste no teu futuro



Jose Luis Suarez Martinez (1 para 2)  
Presidente  
Data de Síntatura: 31/07/2020  
HASH: 42572abbd545120d69326ac4c11fed



Santiago Lorenzo Taboada (2 para 2)  
Secretario - Interventor  
Data de Síntatura: 31/07/2020  
HASH: 561b9773be3a141058df9dd3a39411b  
Mancomunidade de Verín  
Documentado e firmado  
electrónicamente

## **BASES PARA A SELECCIÓN DO DIRECTOR/A DO OBRADOIRO DE EMPREGO “MOCIDADE DA MANCOMUNIDADE DE VERÍN V” SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O FSE.**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO**

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10, 11, 12, 13 e 14 da Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020, establecer o procedemento selectivo, o perfil, características e requisitos das persoas candidatas, as convocatorias e o baremo que se aplicará na selección de quen será contratado como DIRECTOR/A do Obradorio de Emprego “**MOCIDADE DA MANCOMUNIDADE DE VERÍN V**” promovido pola MANCOMUNIDADE DE VERÍN.



### **SEGUNDA. Funcións do posto de traballo:**

As función que, con carácter xeral, corresponden ó posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

- Superior dirección do persoal e do alumnado-traballador, con especial atención á consecución dun clima laboral axeitado e a satisfacción no traballo das persoas participantes no proxecto.
- Poñer en coñecemento do persoal e o alumnado o Regulamento de réxime interno aprobado pola entidade promotora, así como aplicar as medidas previstas no mesmo.
- Elaboración, organización e seguimento do plan xeral das actuacións de maneira que o proxecto formativo sexa executado na súa totalidade.
- Elaboración da planificación didáctica, de seguimento e de avaliación do proxecto. A efectos, requerirá a cada docente a planificación relativa ao seu módulo. Contemplará mecanismos correctores a por en práctica, de ser o caso.
- Velar pola aplicación e cumprimento da normativa de seguridade e saúde laboral preexistente no estudo de seguridade e saúde específico do obradoiro, como no/s certificado/s de profesionalidade que se impartan, tanto por parte do persoal como do alumnado..
- Xestionar os recursos materiais e didácticos necesarios para a execución do proxecto laboral formativo.
- Coordinación de actuación coa entidade promotora e coa Xefatura Territorial da Consellería.



Xacobeo 2021

galicia



Cod. Validación: 3CHC1LFG6W757JHKML2CLJSJ | Correción: https://mancomunidadeverin.gal/ | Páxina 1 a 9  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico |



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Secretaría Xeral de Emprego  
Dirección Xeral de Orientación  
e Promoción Laboral



Fondo Social Europeo  
Iniciativa de Emprego Xuvenil  
O FSE inviste no teu futuro

galicia

Economía, Emprego e Industria en Ourense, a través do Servizo de Orientación e Promoción Laboral, proporcionándolle a información necesaria para o seguimento e control das actuacions e para a avaliación dos resultados cuantitativos e cualitativos do proxecto.

- h) Impartir a docencia nos supostos de ausencia, vacante e enfermidade do persoal docente do obradoiro. En todo caso, cando as características do proxecto e/ou as actuacions que o requiran.
- i) Realizar actividades de divulgación, difusión, promoción e integración social do proxecto no contorno, favorecendo a participación de expertos, empresariado emprendedor, realizando visitas didácticas, etc., sen prexuízo do cumprimento do itinerario formativo.
- j) Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto e en relación con el, lle se sexan encomendadas pola entidade promotora con coñecemento da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

#### **TERCEIRA.- Características do contrato de traballo.**

O contrato de traballo que formalizará a entidade promotora coa persoa seleccionada, terá carácter temporal, cunha duración de doce meses e a xornada completa, e será coincidente coa duración do proxecto aprobado.

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ao réxime de incompatibilidade que determina a lexislación vixente, coa obriga de permanecer no obradoiro de emprego durante toda a xornada de traballo.

#### **CUARTA. Requisitos das persoas candidatas:**

Deberán cumplir cos seguintes requisitos:

a) Requisitos xerais.

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á praza convocada.
- Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique..
- Comprometerse activamente ao axeitado desenvolvemento do proxecto formativo como medida activa no fomento do emprego.
- Estar inscrita como demandante na correspondente oficina de emprego



Cod. Validación: 3CHXCLF6W5/7JKMIL2CLXSJ | Correción: https://mancockin.sedelectronica.gob.es/Validacion/3CHXCLF6W5/7JKMIL2CLXSJ | Páxina 2 a 9




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Secretaría Xeral de Emprego  
Dirección Xeral de Orientación  
e Promoción Laboral



Fondo Social Europeo  
Iniciativa de Emprego Xuvenil  
O FSE inviste no teu futuro



## b) Requisitos mínimos de acceso ao proceso de selección:

- Titulación: Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grao correspondente; diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou título de grao correspondente.
- Experiencia directiva en escolas obradoiros, casas de oficios ou obradoiros de emprego de 12 meses ou experiencia profesional directiva por conta allea ou propia de 12 meses. En defecto de persoas que reúnan a antedita experiencia, o requisito mínimo será a experiencia profesional directiva por conta allea ou propia de 6 meses.

En todo caso, deberán posuér os ditos requisitos ou estar en condicións de acreditálos na data na que o tribunal de selección presente a oferta xenérica de emprego na correspondente oficina de emprego.

## QUINTA.- Constitución, composición e función do tribunal de selección.

1. Constituirase un tribunal de selección que estará formado por seis membros, integrado por un presidente, catro vogais e asistidos por un secretario que actuará con voz pero sen voto.
2. Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionarios de carreira ou persoal laboral de calquera administración pública. A súa composición será estritamente técnica.
3. Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición, de conformidade co establecido no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.
4. O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.
5. O tribunal non poderá constituírse nin actuar validamente, sen asistencia do presidente e secretario/a e como mínimo un vogal, titular ou suplente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos asistentes.
6. O réxime xurídico aplicable ao tribunal de selección será o que se establece para os órganos colegiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
7. Os membros do tribunal deberán abstenerse de intervir, notificándollo ao órgano que efectuase nomeamento, cando concorran neles algunas das causas previstas nas leis.

## SEXTA. Sistema de admisión de candidatos:oferta de emprego tipo A ordinario

1. O sistema de recrutamento e admisión de persoas candidatas será o de oferta de emprego tipo A ordinario tramitada pola oficina de emprego de Verín.
2. A oficina de emprego de xestión realizará unha sondaxe cos seguintes parámetros
  - a) Ámbito xeográfico:




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Secretaría Xeral de Emprego  
Dirección Xeral de Orientación  
e Promoción Laboral



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo  
Iniciativa de Emprego Xuvenil  
O FSE inviste no teu futuro



O de actuación do proxecto. De non atoparse o número mínimo de candidatos (3) ampliarase, por este orde, ao ámbito comarcal, ao da oficina de emprego, e finalmente ao da provincia.

b) Número de candidatos a convocar pola oficina de emprego:

- Mínimo: 3
- Máximo: 5

Se o número de candidatos excedese desta cifra máxima, a oficina de emprego poderá efectuar unha selección, excluíndo aos que teñan menor experiencia en obradoiros de emprego e, de persistir o exceso, aos que telan menor tempo acreditado na situación de desemprego.

### SÉTIMA. Publicidade da oferta de emprego.

Tanto estas bases como as listaxes cos resultados do proceso de selección serán expostas nos taboleiros da oficina de emprego de Verín, Nas oficinas da Mancomunidade de Verín se nas dependencias do Servizo de Orientación e Promoción Laboral.

Dada a perentoriedade dos prazos para dar comezo ao obradoiro, a oferta non será obxecto de difusión pública no Portal de Emprego.

### OITAVA.- Actividades selectivas.

1.- As actividades do proceso de selección terán por finalidade determinar a persoa con maior adecuado para o posto.

A puntuación de cada un dos candidatos estará determinada polo resultado de valoración do currículum e entrevista persoal. Publicarase, en primeiro lugar, as puntuacións correspondentes á entrevista persoal. Unha vez publicadas, procederase a valoración dos méritos de cada un dos candidatos.

#### 1.A. Valoración do CURRICULO

A Oficina de emprego de Verín citará as persoas candidatas na data, lugar e hora acordado co tribunal selectivo.

Na carta da convocatoria debe constar que as persoas candidatas teñen que presentarse co seu currículum debidamente documentado, a súa vida laboral actualizada e un documento asinado onde se enumere a documentación que se achega e se autorice ao tribunal a publicar os seus datos (nome, apelidos e teléfono).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Secretaría Xeral de Emprego  
Dirección Xeral de Orientación  
e Promoción Laboral



UNION EUROPEA

Fondo Social Europeo  
Iniciativa de Emprego Xuvenil  
O FSE inviste no teu futuro

galicia

nas actas, listaxes ou calquera outro documento que resulte do proceso.

A documentación poderá presentarse en copia simple, pero o tribunal poderá requisitar en calquera momento a documentación orixinal que precisa. No caso de detectarse que as copias presentadas non se corresponden co orixinal, e sen prexuízo das responsabilidades que puideran corresponder, a persoa candidata será excluída do proceso selectivo.

O tribunal selectivo comprobará con carácter previo á realización da entrevista que a persoa candidata cumpre os requisitos de acceso ao proceso de selección. De non cumplilos, non se realizará a entrevista persoal e esta circunstancia quedará reflectida na correspondente acta.

A puntuación máxima é de 8 puntos

Os méritos que serán valorados son os que de seguido se relacionan

#### Titulacións complementarias:

Valorarase estar en posesión dunha titulación académica oficial distinta á mínima esixida para participar no proceso selectivo e sempre que sexa complementaria ou relacionada coas funcións a desenvolver no posto convocado. Consecuentemente, a titulación mínima únicamente se terá en consideración para determinar a admisión ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior.

- Titulación de Formación Profesional Superior regrada: 0,20 puntos
- Diplomatura universitaria; 0,50 puntos
- Máster ata 500 horas: 0,40 puntos; máis de 500 horas: 0,50 puntos
- Posgrao ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,40 puntos
- Licenciatura/ Grao universitario ou equivalente 1 punto
- Doutorado: 0,75 puntos

A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos

De conformidade coa previsto no parágrafo b) da base 4<sup>a</sup>, o período mínimo de experiencia profesional esixida para a admisión do proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

#### Experiencia profesional

- a) Experiencia en funcións directivas, en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego nos últimos cinco anos: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo a máximos de 2 puntos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Secretaría Xeral de Emprego  
Dirección Xeral de Orientación  
e Promoción Laboral



Fondo Social Europeo  
Iniciativa de Emprego Xuvenil  
O FSE inviste no teu futuro

galicia

- b) Experiencia en funcións directivas ou docentes relacionadas coa especialidade convocada en empresas ou entidades públicas ou privadas por conta allea ou propia: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 2 puntos.

A puntuación máxima deste apartado será de 4 puntos.

De conformidade eco previsto no parágrafo b) base 4<sup>a</sup>, o período mínimo de experiencia profesional esixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

- Traballo por conta allea: contrato e/ou recibidos e vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (sempre que desta se deduza a categoría profesional desempeñada) así como calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da duración da súa experiencia profesional e da categoría profesional.
- Traballadores autónomos ou por conta propia: mediante vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (na que figure o epígrafe de cotización no Réxime Especial de Autónomos) e xustificante de alta en actividades económicas/obrigados tributarios/ colexio profesional, xunto co último recibo de pagamento.
- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificado oficial na que conste a ocupación ou profesión, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

#### Formación complementaria e coñecemento do idioma galego:

En todo caso, a formación deberá estar relacionada coas funcións que se vaian desempeñar e valorará a que teña unha duración igual ou superior a trinta horas lectivas. Na documentación acreditarán deberán figurar os contidos e a súa duración en horas, en caso contrario, non será obxecto de valoración. Se se acreditasen dous ou máis cursos sobre a mesma materia, soamente se computará o de nivel superior.

- De 30 a 59 horas lectivas: 0,10 puntos
- De 60 a 99 horas lectivas: 0,20 puntos.
- De 100 a 300 horas lectivas: 0,30 puntos
- De máis de 300 horas lectivas: 0,40 puntos.

A formación completa en metodoloxía didáctica, aptitude pedagóxica, formador de formadores, formación ocupacional, docencia de formación profesional para o emprego, coa acreditación expedida polo organismo oficial correspondente: 0,40 puntos,




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Secretaría Xeral de Emprego  
Dirección Xeral de Orientación  
e Promoción Laboral



UNION EUROPEA

Fondo Social Europeo  
Iniciativa de Emprego Xuvenil  
O FSE inviste no teu futuro



En relación ao coñecemento do idioma galego valorarase:

Por mellor as puntuacións da Manco que fan referencia os Celgas:

Celga 4. 0,10 Punto.

Celga 3. 0,08 Puntos.

Celga 2. 0,06 Puntos.

A puntuación máxima do apartado de Formación Complementaria e coñecemento do idioma galego será de ata 2 puntos.

**1.B- Á Entrevista Persoal corresponderalle unha puntuación máxima de 4 puntos do total.**

A entrevista persoal ten como finalidade avaliar o interese do candidato en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo de que se trate.

O tribunal selectivo elaborará en primeiro lugar a listaxe de admitidos e excluídos coas puntuación correspondentes á entrevista persoal.

A acta cos resultados será publicada e exposta nos taboleiros da oficina de emprego, Entidade Promotora e da Xefatura Territorial da Consellería de Ourense.

Nunha nova reunión do tribunal selectivo procederase a valoración do currículo dos candidatos, os ~~celgas~~ se publicará unha acta provisional. Na antedita acta constará un prazo de 2 días hábiles para os efectos de reclamacións contra as valoracións provisionais ou a exclusión do proceso. Para non demorar a resolución do proceso, os escritos de reclamacións presentaranse nas oficinas da Mancomunidad de Verín (r. Castro nº 4, Verín) ou na oficina de emprego de Verín.

Rematado o prazo de reclamacións, o tribunal de selección procederá a resolvelas na acta definitiva do proceso.

Esta acta pon fin a vía administrativa e daráselle publicidade mediante a exposición pública nos anteriores taboleiros.

**NOVENA.- Puntuacións finais. Contratación.**

De conformidade co previsto na base oitava, finalizado e cualificado o proceso de selección, o tri-




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Secretaría Xeral de Emprego  
Dirección Xeral de Orientación  
e Promoción Laboral



Fondo Social Europeo  
Iniciativa de Emprego Xuvenil  
O FSE inviste no teu futuro



selectivo procederá ao establecemento das puntuacións finais dos candidatos que teñan participado no proceso de cobertura da oferta de emprego resultado da suma dos apartados de valoración do currículo e da entrevista persoal.

Ditas puntuacións non poden superar os 12 puntos en total, e determinarán a orde de prelación dos aspirantes para a súa contratación pola Mancomunidade de Verín.

A Mancomunidade de Verín estará obrigada a contratar á persoa que sexa proposta polo tribunal de selección atendendo á maior puntuación final e tendo en consideración o previsto no parágrafo seguinte.

A persoa proposta deberá estar dispoñible para ser contratado na data de inicio do obradoiro que propoña a Mancomunidade de Verín. De non ser o caso, e logo da oportuna comunicación, procederase á contratación da seguinte persoa da listaxe con maior puntuación.

Serán obxecto de exposición pública nos taboleiros anteditos as puntuacións finais e o nome do candidato proposto para ser contratado pola Mancomunidade de Verín.

O tribunal poderá determinar unha lista de reserva integrada polos candidatos que, tendo superadas tódalas fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoas proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria. Esta lista, que se empregará para cubrir as vacantes que se produzcan unha vez iniciado o proxecto, terá validez durante toda a duración do obradoiro.

## **DÉCIMA.- Criterios para dirimir empates.**

Para resolver os posibles empates entre as puntuacións finais empréganse ós seguintes criterios:

- O maior tempo acreditado de desemprego
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia docente
- A puntuación obtida nas titulacións complementarias
- A puntuación obtida no apartado de coñecemento do idioma galego
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados

## **DÉCIMO PRIMEIRA.- Incidencias e reclamacións.**



Segundo o artigo 14 da Orde de convocatoria as incidencias e reclamacións que se puideran suscitar derivadas dos procesos de selección serán resoltas polo tribunal selectivo, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Calquera que sexa o sistema de selección utilizado, seguiranse os criterios e procedementos establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, inda cando a entidade promotora sexa un organismo público. Neste último caso, o persoal e os traballadores seleccionados non se considerarán incluídos no correspondente cadre de persoal ou relación de postos de traballo, polo que non será precisa oferta de emprego público previa.

Verín, 31 de xullo de 2020

Presidente

Paulino Fernández Salgado

Secretario

Santiago Lorenzo Taboada

Vogal

Alejandro Fernández Otero

Vogal

Diego Matías León

Vogal

Sandra Aguiar Guerra

